

RESOLUCIÓN DO 17 DE ABRIL DE 2026 DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL, POLA QUE SE CONVOCAN PROBAS DE ACCESO ÁS ENSEÑANZAS DEPORTIVAS PARA O CURSO 2026/2027

DOG NÚM. 80 do Xoves, 30 de abril de 2026

enlace: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2026/20260430/AnuncioG0761-200426-0002_gl.pdf

Proba substitutiva do requisito de titulación para o acceso ao grao superior

- Prazo de inscrición: **dende o día seguinte ao da publicación no DOG ata o 15 de maio, ambos incluídos**
- A relación provisional de persoas admitidas e excluídas será exposta no taboleiro do centro o **18 de maio** e no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal>
- Reclamacións contra a listaxe provisional: dende o **19 ata o 20** de maio na secretaría do centro
- A relación definitiva de persoas admitidas e excluídas será exposta no taboleiro do centro o **25 de maio** e no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal>
- A proba para que non cumpra o requisito de titulación para o acceso ao grao superior terá lugar o día **26 de maio de 2026** no IES San Clemente (rúa de San Clemente, s/n Santiago de Compostela), **presentación as 9:30 horas**
- Listaxe provisional das cualificacións: **27 de maio**
- Reclamacións a listaxe provisional das cualificacións: **28 e 29 de maio**
- Listaxe definitiva das cualificacións: **2 de xuño**

Proba substitutiva do requisito de titulación para o acceso ao grao medio e/ou proba específica de grao medio

- Prazo de inscrición: **dende o día seguinte ao da publicación no DOG ata o 25 de xuño, ambos incluídos**
- A relación provisional de persoas admitidas e excluídas será exposta no taboleiro do centro o **26 de xuño** e no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal>
- Reclamacións: **29 e 30 de xuño** na secretaría do centro
- A relación definitiva de persoas admitidas e excluídas será exposta no taboleiro do centro o **1 de xuño** e no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal>
- A proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao grao mediodo terá lugar o día **3 de xullo** no IES San Clemente (rúa de San Clemente, s/n Santiago de Compostela), **presentación: 9,15**
- Listaxe provisional das cualificacións: **6 de xullo**
- Reclamacións a listaxe provisional das cualificacións: **7 e 8 de xullo**
- Listaxe definitiva das cualificacións: **10 de xullo**

Documentación que se debe aportar:

- Orixinal da solicitude de inscrición
- Copia do DNI, NIE ou pasaporte
- Xustificante do aboamento dos prezos públicos. No caso de bonificación ou exención no pagamento do prezo público, documento que o acredite
- Acreditación da titulación de acceso. CERTIFICACIÓN ACADÉMICA orixinal ou copia cotexada, na que consten todos os cursos e de ser o caso figure que se realizou o depósito do correspondente título

As probas de acceso de grao medio de carácter específico terán lugar :

- Na modalidade de baloncesto, no CIFP Fontecarmoa (rúa Fontecarmoa, 92, Vilagarcía de Arousa, **o 16 de xullo**)
- Na modalidade de vela, nas instalacións do Centro Galego de Vela (Rampla Cavadadelo, s,n, Vilagarcía de Arousa) **o 16 de xullo** ; poden variar a data e/ou hora do exame no caso de non darse as condicións meteorolóxicas.

MATRÍCULA

O prazo de matrícula das persoas aspirantes que superen o proceso de admisión abranguerá dende o 27 ao 31 de xullo